



Zalentina  
Tereshkova

# BRAVXS

*Valentina  
Tereshkova  
(1937)*

Ilustración: Marta Riera / [marta@martariera.com](mailto:marta@martariera.com)

O nome en clave de Valentina Vladímirovna Tereshkova era Chaika (Чайка), que significa gaivota.

Foi a primeira cosmonauta que viaxou ao espazo exterior en 1963. O seu voo, de case 71 horas, superou a suma de todos os estadounidenses que orbitaran a Terra. Ningunha muller volveu facelo en solitario.

Orfa de pai, non puido empezar a estudar ata os 8 anos. Traballou en fábricas desde nena e rematou os seus estudos con cursos por correspondencia. Desde nova practicou o salto en paracaídas, deporte do que foi instrutora.

Cando a URSS decidiu enviar a primeira muller ao espazo, necesitaban unha paracaidista, xa que a nave non tiña dispositivo para aterrarr e era preciso saltar desde máis de seis mil metros. As cinco finalistas, entre as que estaba Valentina, ingresaron nas Forzas Aéreas e recibiron un duro adestramento físico e académico, ademais do machismo dos seus compañeiros.

Despois, graduouse e doutorouse en Enxeñaría Espacial. O seu interese pola política levouna a exercer varios cargos no Soviet Supremo. Participou na 1.ª Conferencia Mundial sobre a Muller da ONU (México, 1975).

Recibiu o Simba International Women's Movement ou a medalla Joliot-Curie, entre moitas outras distincións. En 2000 unha asociación internacional nomeouna «Muller do século XX». Como ela mesma reivindica: «Na Terra, os homes e as mulleres corren os mesmos riscos. Por que non deberíamos facer o mesmo no espazo?».

Universidade de Vigo

Unidade  
de Igualdade

Cátedra de  
Feminismos 4.0

DEPUTACIÓN  
PONTEVEDRA